



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

meteogalicia

Informe climatolóxico primavera 2015

INFORME CLIMATOLÓXICO PRIMAVERA 2015



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN EN PRIMAVERA 2015 EN GALICIA.....	4
2.1.	Temperatura.....	4
2.2.	Precipitación.....	9
3	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.....	13
3.1.	Temperatura.....	13
3.2.	Precipitación.....	16

Data edición: 17-06-2015



Primavera cálida e seca.

1 INTRODUCCIÓN

A primavera de 2015 foi a segunda máis cálida dende 1997, superada soamente pola de o ano 2011. Neste ocasión o valor de referencia do período 1971-2000, que é 11.9°C, foi superado en 1.6°C, o que fai que a estación sexa considerada como cálida.

En canto as precipitacións, é xunto coa do 2011 a máis seca dos últimos 25 anos. A chuvia rexistrada foi inferior en un 34% ao valores climático de referencia do periodo 1971-2000, que é de 311 L/m².

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de primavera (dende marzo de 2015 a maio de 2015). Así analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1971-2000. Os criterios para definir as categorías climáticas correspondentes á precipitación e á temperatura móstranse na táboa 1.

Categoría PP	Porcentaxe de precipitación total rexistrada respecto da media climática	Categoría temperatura	Diferenza entre a temperatura media e a media climática.
Moi seco	<30%	Moi cálido	≥3°C
Seco	Entre 30% e 90%	Cálido	Entre +3°C e +0.5°C
Normal	Entre 90% e 110%	Normal	Entre 0.5°C e -0.5°C
Húmido	Entre 110% e 190%	Frío	Entre -0.5°C e -3°C
Moi Húmido	>190%	Moi Frío	≤-3°C

Táboa 1: Categorías para precipitación e temperatura.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste primavera e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1971-2000. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no primavera respecto do valor da media climática correspondente.



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN EN PRIMAVERA 2015 EN GALICIA.

2.1. Temperatura

A primavera comezou cun mes de marzo no que as temperaturas estiveron moi preto da normalidade. Neste mes obsérvanse dous períodos moi diferenciados: un cálido, nas xornadas entre o 5 e o 10, e un período frío que abrangue a segunda e a terceira semana do mes. Isto provocou que as anomalías positivas do primeiro período se cancelasen cas negativas do segundo e se tivesen en cómputo temperaturas medias normais.

No mes de abril as temperaturas foron en xeral máis altas do normal. Isto debeuse en gran medida os dous períodos anticiclónicos comprendidos entre a primeira semana do mes, e entre o 11 e o 14. Esta anomalía positiva de temperatura prevaleceu no resultado final do mes, xa que os días nos que se rexistraron precipitacións non foron demasiado fríos.

Maio foi tamén un mes cálido e nos escasos días de principio de mes nos que choveu, os ventos tiñan compoñente suroeste, o que implica que as temperaturas foron suaves en xeral. A esta anomalía positiva tamén contribuíron a gran cantidade de días anticiclónicos nos que as temperaturas acadaron valores elevados para a época do ano, principalmente no sur, onde a anomalía positiva é máis acusada.

Nas táboas 2 e 3 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de primavera 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Destacan as xornadas do 12 e 28 de maio, como as máis calorosas da primavera.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2015 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	34.2
28/05/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	34.2
12/05/2015	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	33.8
28/05/2015	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	32.9
12/05/2015	Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	32.8
12/05/2015	Ourense	Ourense	Ourense	32.6
28/05/2015	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	32.3
28/05/2015	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	32.2
12/05/2015	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	32.2
27/05/2015	Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	31.8

Táboa 2: Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2015 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	27.6
12/05/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	27.2
12/05/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	26.6
12/05/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	26.6
12/05/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	25.9
12/05/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	25.8
12/05/2015	Xurés	Muiños	Ourense	25.4
12/05/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	25.2
12/05/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	24.8
26/05/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	24.3

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera de 2015 a altitude maior de 1000 m.

Nas táboas 4 e 5 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade na primavera de 2015 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. Nas xornadas do 14 ó 16 de marzo, rexistráronse as temperaturas máis baixas, destacando as do 14 e 15 a altitudes altas, e a do 16 a altitudes baixas.



Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2015 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/03/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-6.9
14/03/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-6.8
14/03/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	-6.5
14/03/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-6.1
14/03/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	-4.9
14/03/2015	Alto do Poio	Pedrafito do Cebreiro	Lugo	-4.8
05/03/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-4.7
15/03/2015	O Cebreiro	Pedrafito do Cebreiro	Lugo	-3.9
14/03/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-3.8
14/03/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-3.8

Táboa 4: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera de 2015 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2015 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/03/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-7.6
15/03/2015	Baltar	Baltar	Ourense	-6.1
06/03/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-4.8
16/03/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-4.4
16/03/2015	Morelle	Sarria	Lugo	-4.3
15/03/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-4.3
15/03/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-4.0
16/03/2015	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	-3.3
16/03/2015	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-3.1
16/03/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	-3.1

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera de 2015 a altitude inferior a 1000m.

Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para a primavera de 2015. As zonas de alta montaña ourensá e luguesa, así como a Serra do Xistral presentaron os valores máis baixos de temperatura. Nas comarcas do Baixo Miño e o Condado, rexistráronse os valores máis altos nesta variable.



Na figura 2 pode verse o mapa de anomalías de temperatura para esta primavera. Esta estación resultou cálida en xeral en toda a Comunidade, cun exceso medio de 1.5°C respecto ao valor agardado.




Figura 1: Temperatura media na primavera 2015




Figura 2: Mapa de anomalías de temperatura na primavera 2015



2.2. Precipitación

Tras un inverno seco e polo tanto con escaseza de chuvias respecto aos valores normais, a primavera continuou na mesma tónica, cunha porcentaxe de precipitación un 37 % inferior ó valor climático no período de referencia 1971-2000.

A primavera comezou cun mes de marzo seco en xeral debido á persistencia das condicións anticiclónicas. Isto reflectiuse tanto na cantidade de precipitación coma no número de días de chuvia. Así, a situación máis inestable que deixou chuvias cuantiosas no oeste da Comunidade, deuse nos primeiros días do mes. Houbo outros días de chuvia, pero o vento era de norte e isto levou a ter cantidades relativamente escasas de precipitación.

No mes de abril seguiu a mesma tendencia e o mes resultou seco, xa que as chuvias foron menos cuantiosas do normal. Como adoita ocorrer no mes de abril, os días de chuvia estiveron repartidos entre días de tormenta, no que destacou o 21, e os días con chuvia frontal polo achegamento de borrascas.

Finalmente, maio tamén resultou seco, as escasas chuvias concentráronse na primeira semana do mes. Neste caso, os ventos sopraron de sur-suroeste, o que fixo que as chuvias fosen máis cuantiosas nas Rías Baixas, no Barbanza e en Xallas. En xeral, no oeste da Comunidade. Así, nestas zonas a escaseza de precipitación foi menos notoria, e mesmo algunhas localidades resultaron húmidas. Porén, no leste de Galicia o tempo seco fíxose notar, xa que nestas zonas choveu menos da metade do agardado.

Na táboa 6 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados nesta primavera de 2015.



Precipitación máxima estacional na primavera 2015			
Estación	Municipio	Provincia	Precipitación (L/m2)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	607
Muralla	Lousame	A Coruña	532
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	503
Castrove	Poio	Pontevedra	442
Cespón	Boiro	A Coruña	440
Labrada	Abadín	Lugo	431
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	429
Pereira	Forcarei	Pontevedra	417
A Armenteira	Meis	Pontevedra	409
Coto Muiño	Zas	A Coruña	394

Táboa 6: Valores máximos de precipitación acumulada na primavera de 2015.

Na táboa 7 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados:

Precipitación mínima estacional na primavera 2015			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m2)
Gandarela	Celanova	Ourense	129
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	135
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	136
Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	142
Lourenzá	Lourenzá	Lugo	142
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	147
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	149
Ourense	Ourense	Ourense	152
Marroxo	Monforte	Lugo	152
Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	157

Táboa 7: Valores mínimos de precipitación acumulada no primavera de 2015



Na figura 3, móstrase a precipitación total acumulada nesta primavera de 2015. A zona máis chuviosa comprende as comarcas do Barbanza e Caldas, mentres que no leste, na comarca de Valdeorras, rexistráronse os valores de precipitación máis baixos.




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada no primavera de 2015.



Na figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1971-2000), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. Destacan zonas da Mariña Luguesa e algúns puntos do interior, con ata un 70% menos da precipitación propia da primavera. Porén, as Rías de Muros e Arousa, e gran parte do interior de Pontevedra, rexistraron valores lixeiramente máis altos do normal con respecto ó período de referencia.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática na primavera de 2015.



3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.

3.1. Temperatura

A temperatura media de primavera para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía positiva de 1.8 °C con respecto ó período climático de referencia 1961-1990 e de 1.6 °C con respecto ó 1971-2000. Como resultado disto tratouse dunha primavera cálida segundo a táboa 1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media primavera (°C)		
2015	1961-1990	1971-2000
13.5	11.7	11.9

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media en primavera e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media na primavera de 2015 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2015	1961-1990	1971-2000
marzo	10.7	9.9	10.3
abril	14.0	11.4	11.5
maio	15.9	13.7	14.0

Táboa 9: Comparación entre a temperatura media mensual da primavera 2015 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Como se pode observar o mes de marzo estivo preto da normalidade con respecto ó período de referencia 1971-2000, mentres que abril e maio resultaron cálidos. Con respecto ó período de referencia 1961-1990 os tres meses resultaron cálidos para a temperatura media.

Na táboa 10 pódense observar as temperaturas máximas e mínimas na estación de primavera e os seus valores mensuais. Obsérvase que tendo en conta a temperatura máxima, foi cálida con respecto ós dous períodos de referencia.



Temperatura media das máximas en primavera (°C)		
2015	1961-1990	1971-2000
19.2	16.7	17.1

Táboa 10: Comparación entre a temperatura máxima media en primavera e a media climática galega.

Mensualmente, en xeral os tres meses resultaron cálidos tendo en conta os dous períodos de referencia 1961-1990 e 1971-2000.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2015	1961-1990	1971-2000
marzo	16.1	14.8	15.6
abril	19.7	16.3	16.5
maio	21.7	18.8	19.1

Táboa 11: Comparación entre a temperatura máxima media mensual da primavera de 2015 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, a primavera pódese considerar cálida cunha anomalía de 1.2 °C con respecto ó período 1961-1990 e de, 1.1 °C con respecto ó período 1971-2000.

Temperatura media das mínimas en primavera (°C)		
2015	1961-1990	1971-2000
7.9	6.7	6.8

Táboa 12: Comparación entre a temperatura mínima media en primavera e a media climática galega.

A escala mensual, abril e maio resultaron cálidos con case 2°C por riba da media. Porén, o mes de marzo resultou normal con respecto aos dous períodos de referencia.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2015	1961-1990	1971-2000
marzo	5.3	5.0	5.1
abril	8.2	6.4	6.4
maio	10.1	8.6	8.8

Táboa 13: Comparación entre a temperatura mínima media mensual da primavera de 2015 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.



Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media das primaveras dende o ano 1961 ao 2015.




Figura 5: Evolución da temperatura media en primavera para a serie rexional galega.

A anomalía media para primavera en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 1.6 °C, o que fai que poida considerarse cálida.




Figura 6: Anomalías da temperatura media para a serie rexional galega. O período de referencia é o 71-00.



3.2. Precipitación

Na táboa 14 móstranse os valores medios de precipitación acumulada na primavera de 2015 ademais dos valores climáticos dos períodos 1961-1990 e 1971-2000. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (mm)		
2015	1961-1990	1971-2000
206	319	311

Táboa 14: Comparación entre a precipitación acumulada no primavera 2015 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación neste primavera foi un 35% inferior con respecto ó período 1961-1990 e un 34% inferior con respecto ó 1971-2000. Segundo os criterios da táboa 1, considérase unha primavera seca.

A precipitación rexistrada mostra en xeral uns meses de marzo, abril e maio secos para os dous períodos de referencia, 1961-1990 e 1971-2000.

Precipitación acumulada por mes(°C)			
Mes	2015	1961-1990	1971-2000
marzo	48	116	98
abril	90	106	111
maio	68	98	102

Táboa 15: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de primavera e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nas primaveras do período 1961 a 2015. Asímesmo, na figura 8, móstranse as anomalías de precipitación en primavera, xunto coa media móbil de 5 anos.




Figura 7: Precipitación acumulada en primavera para a serie rexional galega.

A anomalía media das precipitacións para esta primavera en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 34% por debaixo do valor normal, o que fai que poida considerarse seca.




Figura 8: Anomalías de precipitación en primavera para a serie rexional galega. O período de referencia é 1971-2000.